

RECLAMA O QUE É TEU!

Complementos de quendas nocturnas e festivas durante baixas e permisos



CAL É O PROBLEMA?

O persoal que presta servizo para o SERGAS en réxime de quendas, incluíndo noites e festivos, leva anos sen cobrar os complementos retributivos destas quendas cando está:

- en incapacidade temporal (baixa médica).
- en permisos retribuídos ou días de libre disposición.

Estes complementos forman parte da xornada ordinaria e deben considerarse retribución fixa e periódica. **Non se poden suprimir durante eses períodos.**



QUE DI O TRIBUNAL SUPREMO?

Unha sentenza recente reconece:

1. Dereito a cobrar estes complementos tamén durante as baixas e permisos.
2. Reclamación das cantidades non pagadas nos últimos 4 anos, con xuros legais.



QUE PODES FACER?

Desde CIG-Saúde animámoste a:

- Presentar reclamación polas cantidades deixadas de percibir.



- ✓ **Non deixes pasar esta oportunidade: o prazo para reclamar é limitado aos últimos 4 anos.**
- ✓ **Ponte en contacto coa túa sección sindical da CIG-Saúde para iniciar o proceso.**

